



ASUNTO: ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA (LISTA B) PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A EN INFRAESTRUTURAS CULTURAI, GRUPO A ,SUBGRUPO A1 .

RESOLUCIÓN DA RECLAMACIÓN PRESENTADA AO PRIMEIRO EXERCICIO, OBRIGATORIO E ELIMINATORIO TIPO TEST. ESTIMACIÓN PARCIAL

- Reunido o día 29/07/2021, dáse conta, pola Secretaria do tribunal, da reclamación presentada por dona María del Pilar Portela Vázquez, en data 26/07/2021 (registro de entrada 2021033585), no que solicita se de por válida na pregunta 32 a resposta d), na pregunta 37 a resposta d), subsidiariamente se anulen e a anulación das preguntas núm. 15, 16 e 35, do cuestionario tipo test no que consistiu o primeiro exercicio do proceso selectivo convocado para a confección dunha lista de reserva (lista b) para a provisión interina de prazas de técnico/a en infraestruturas culturais, grupo A, subgrupo A1, de conformidade coa fundamentación recollida na citada reclamación.

O Tribunal cualificador a vista da reclamación, por unanimidade, fai as seguintes consideracións:

1.- A pregunta nº 15 do cuestionario é do seguinte teor literal: “15.- De conformidade coa Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, do 20 de outubro de 2005, ratificada por España o 29 de outubro de 2006, NON son órganos da Convención:

- a) Conferencia das partes
- b) Comité intergubernamental
- c) Secretaría da UNESCO
- d) Comité de información e transparencia”**

O tribunal deu por correcta a opción d).

2.- A pregunta nº 16 do cuestionario é do seguinte teor literal: “16.- De conformidade co artigo 9 da Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, do 20 de outubro de 2005, ratificada por España o 29 de outubro de 2006, as partes proporcionarán en informes á UNESCO, información axeitada acerca das medidas que adoptasen para protexer e promover a diversidade das expresións culturais nos seus respectivos territorios e no plano internacional:

- a) Cada 5 anos
- b) Cada 4 anos**
- c) Cada 2 anos
- d) Cada 3 anos”

O tribunal deu por correcta a opción b).

A reclamación ás preguntas 15 e 16 baseáse na mesmas alegacións, concretamente: “ 1. A pregunta non é correcta pois tal e como figura no BOE núm. 37 do 12 de febreiro de 2007 a Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, do 20 de outubro de 2005, foi ratificada por España o 25 de outubro de 2007, non o 29 de outubro de 2006, como figura na mesma. O erro na pregunta é relevante pois coa data da ratificación da convención o Estado avala o seus principios; ao ratificalo, o Estado asume o compromiso de quedar legalmente vinculado xurídicamente á Convención e determina a súa entrada en vigor 2. Esta pregunta non se encadra en ningún dos temas publicados nas bases reguladoras do proceso selectivo para a confección dunha lista de reserva (lista B), para a provisión interina de prazas e postos de técnico/a en infraestruturas culturais, aprobadas pola XGL en data 15/03/21 e publicadas no BOP do 5/04/21, posto que en ningún dos temas se piden Tratados ou Convencións de dereito internacional público, polo que non cumpre o artigo 5.1 das devanditas bases.”



Respecto da data de ratificación, debemos de ter en conta os seguintes artigos 26 e 29 da Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, do 20 de outubro de 2005, que conteñen o seguinte teor literal:

Artigo 26:

“Ratificación, aceptación, aprobación o adhesión por parte de los Estados Miembros

1. La presente Convención estará sujeta a la ratificación, aceptación, aprobación o adhesión de los Estados Miembros de la UNESCO, de conformidad con sus respectivos procedimientos constitucionales.

2. Los instrumentos de ratificación, aceptación, aprobación o adhesión se depositarán ante el Director General de la UNESCO.”

Artigo 29: ” (...) entrará en vigor tres meses después de efectuado el depósito de su instrumento de ratificación, aceptación, aprobación o adhesión”.

Tal e como dispón o artigo 26 da Convención sobre a Protección e Promoción da Diversidade das Expresións Culturais, do 20 de outubro de 2005, requírese a ratificación do estado membro por instrumento de ratificación e depósito do mesmo ante o Director Xeral da Unesco.

O instrumento de ratificación publicado no BOE, núm 37, de 12 de febreiro de 2007 sinala “La presente Convención entrará en vigor de forma general y para España el 18 de marzo de 2007, de conformidad con lo establecido en su artículo 29”.

Polo tanto, en España a ratificación efectouse por Instrumento de ratificación de data 29 de outubro de 2006, tal e como consta no enunciado da pregunta e o depósito efectouse tal e como consta no BOE, núm 37, de 12 de febreiro de 2007, o 18/12/2006, entrando en vigor o 18/03/2007, polo que os datos da pregunta son correctos.

Estados parte

Estados	Fecha de depósito del instrumento	Tipo de instrumento
---------	-----------------------------------	---------------------

España.	18/12/2006	Ratificación.
---------	------------	---------------

A aspirante sinala que a pregunta non se encadra nos temas publicados nas bases reguladoras do proceso selectivo.





Instrumento de ratificación de la Convención sobre la protección y promoción de la diversidad de las expresiones culturales, hecho en París el 20 de octubre de 2005.

Publicado en: «BOE» núm. 37, de 12 de febrero de 2007, páginas 6069 a 6076 (8 págs.)
Sección: I. Disposiciones generales
Departamento: Jefatura del Estado
Referencia: BOE-A-2007-2890
Permalink ELI: [https://www.boe.es/eli/es/aj/2005/10/20/\(1\)](https://www.boe.es/eli/es/aj/2005/10/20/(1))

Otros formatos:



PDF



XML

Lenguas cooficiales:



PDF català

Texto

Análisis

ANÁLISIS

- ⊗ Rango: Acuerdo Internacional
- ⊗ Fecha de disposición: 20/10/2005
- ⊗ Fecha de publicación: 12/02/2007
- ⊗ Fecha de entrada en vigor: 18/03/2007
- ⊗ Ratificación por instrumento de 29 de octubre de 2006.
- ⊗ Fecha Resolución Ministerio de Asuntos Exteriores: 29 de enero de 2007.

As preguntas 15 e 16 do test encádranse no ANEXO I. Programa de materias para a fase de oposición, parte específica:

- 30. A atención á diversidade. A cooperación cultural cos axentes culturais e sociais. Experiencias.

Polo exposto, procede desestimar a reclamación ás preguntas 15 e 16.

3.- A pregunta nº 32 do cuestionario é do seguinte teor literal: " 32.- Cal das seguintes é un estándar internacional para certificar un evento como sustentable:

- a) ISO 19011, Directrices para a auditoría dos sistemas de xestión
- b) ISO 26000 de Responsabilidade Social
- c) ISO 20121:2012, Sistemas de Xestión de Eventos Sostibles
- d) Ningunha é correcta

O tribunal deu por correcta a opción c).

A alegante sinala que a tradución correcta sería: ISO 20121:2012, Sistemas de Xestión de Eventos Sustentables, non sistemas de xestión de eventos sostibles, polo que a resposta sinalada polo tribunal non é correcta.

O Dicionario da RAG <https://academia.gal/diccionario/-/termo/busca/soster> contén as seguintes definicións:

"-Soster

verbo transitivo

3 Proporcionar a [alguén] o que necesita para vivir. Sostén a familia como pode. SINÓNIMOS manter, sustentar

- Sustentar

<https://academia.gal/diccionario/-/termo/sustentar>

verbo transitivo

2 Proporcionar a [alguén] o necesario para vivir, en particular, a comida. O pai negouse a sustentar os seus fillos. SINÓNIMOS manter, soster."

"Soster" e "sustentar" son sinónimos nas (sub)acepcións relativas á ecoloxía e economía.



Os adxectivos derivados de tales verbos (sostible e sustentable, ambos recollidos no mesmo dicionario) serían igualmente intercambiábeis nese uso específico.

Pola súa banda, o banco de terminoloxía da Área de Normalización Lingüística da USC en relación ao termo desenvolvemento sustentable sinala:

“Información do concepto

Definición:

Desenvolvemento económico e social que se produce sen detrimento do medio nin dos recursos naturais dos que dependen as actividades humanas.

Áreas temáticas:

Dereito. Administración pública > Dereito > Público > Administrativo > Dominio público e medio ambiente

Bioloxía > Ecoloxía

Equivalencias

GL desenvolvemento sustentable (s, m, s) (prin.) ; desenvolvemento sostible (m, s) (sin.) ; desenvolvemento sostíbel (m, s) (sin.) ; desenvolvemento sustentábel (m, s) (sin.)

PT desenvolvimento sustentável (prin.)

ES desarrollo sostenible (prin.)

EN sustainable development (prin.)

FR développement durable (prin.) ; développement soutenable (sin.) ; développement équilibré (sin.)

CT desenvolupament sostenible (prin.) “.

Polo tanto, sostible e sustentable son sinónimos co que a tradución é correcta e non procede estimar a reclamación á pregunta 32.

4.- A pregunta nº 35 do cuestionario é do seguinte teor literal: “35.- A COVID-19 foi un mazazo para as industrias culturais, e probablemente fose o sector que máis sufriu. Para analízalo o Consello da Cultura Galego elaborou en xaneiro de 2021 un barómetro. Segundo este barómetro:

- a) O 70% das empresas reduciron un 76% a facturación
- b) O 10% das empresas culturais non sufriron ningún efecto na facturación do 2020**
- c) O 50% das empresas reduciron a súa facturación entre o 26% e o 30%
- d) O 50% das empresas culturais non sufriron ningún efecto na facturación do 2020

A alegante sinala:

- “ 1. Esta pregunta non se encadra en ningún dos temas publicados nas bases do proceso selectivo, pois non hai ningún tema que se refira ao impacto da COVID no sector cultural galego. (...) Polo que, aínda pretendendo incluír esta pregunta no tema “12. Importancia económica dos sectores culturais no Estado español, en Galiza e en Pontevedra”, a pregunta está mal formulada e induce a erro, pois fala unicamente das industrias culturais non dos sectores culturais, e parece pouco procedente xustificar a importancia económica dos sectores culturais en Galicia, que é o tema do temario, baseándose no impacto da COVID na facturación de 300 empresas que son as que forman parte da enquisa do barómetro da cultura galega do 2021, informe cuxo obxectivo non era analizar a importancia dos sectores culturais, senon o impacto da pandemia, e no que non se inclúen todos os sectores culturais, polo que non se pode pretender encadrar a pregunta nun tema que se refire a importancia dos sectores culturais, polo que incumpre a base 5.1 das bases do proceso selectivo. ”

A pregunta encádrase no ANEXO I. Programa de materias para a fase de oposición, parte específica:

- 48. A era post-covid na cultura. Novos escenarios e novos retos.

- “ 2. A pregunta está mal formulada e induce a erro, pois como figura na introdución do informe do barómetro da Cultura Galega de xaneiro de 2021, o obxecto do informe foi analizar as





consecuencias que estaba a ter no ámbito cultural galego a crise sanitaria e o confinamento na sociedade, e na pregunta refírese unicamente ás industrias culturais e evidentemente non é o mesmo as industrias culturais que o sector cultural, do que forman parte”

(...) Se analizamos a literalidade do cadro que figura na páxina 21 do barómetro da cultura galega sobre o “Impacto da crise da COVID-19 sobre a facturación do negocio”, non figura o texto que o tribunal considera válido que di que “o 10% das empresas culturais non sufriron ningún efecto na facturación de 2020” .

Na introdución do Barómetro da cultura galega II. Xaneiro de 2021, sinálase:

“A presentación deste documento de traballo, o segundo barómetro da cultura galega, engádese a un conxunto de publicacións impulsadas polo Consello da Cultura Galega dende que o 14 de marzo de 2020 se decretou en España o primeiro estado de alarma tras a aparición do virus SARS-CoV-2 e a enfermidade da COVID-19. A situación epidemiolóxica, o avance da crise sanitaria e o confinamento da sociedade tiveron un forte impacto en todos sectores culturais de Galicia e do conxunto de España. Neste contexto, o Consello da Cultura Galega promoveu a elaboración de diversos informes e documentos de traballo, algúns sectoriais e outros de carácter máis extenso, co fin de analizar as consecuencias que estaba a ter a crise no ámbito cultural galego. (...)

Os informes realizados constataban como a crise sanitaria provocada pola COVID-19 estaballes a impactar fondamente ás empresas culturais galegas, polo que en xullo de 2020 o Consello da Cultura Galega publicou a primeira edición do barómetro da cultura galega . Trátase do primeiro estudo de panel da industria cultural galega e impulsouse para poder facer un seguimento temporal dos efectos da pandemia. Está baseado nunha enquisa a unha mostra representativa de empresas culturais galegas. (...)

A resposta sinalada polo tribunal como correcta baséase na información do barómetro, concretamente : “4. O impacto da COVID-19

4.1. Impacto sobre a facturación (...)

Como consecuencia e de maneira proporcional, crece a porcentaxe das que indican que non sufriron ningunha redución ou ben mesmo lograron incrementar a súa facturación respecto de 2019 (do 5,6% de xullo pasouse ao 14,3% de xaneiro, o 10% non tivo perdas e o 4,3% restante incrementou a facturación).”

Toda vez, que en base ao anterior a pregunta está formulada correctamente non procede estimar a reclamación á pregunta 35.

5.- A pregunta nº 37 do cuestionario é do seguinte teor literal: “ 37.- Segundo os datos que achega o Consello da Cultura Galego e os organismos estatais:

a) A cultura galega é un sector hiper-subsencionado, comparativamente co emprego que produce e coa achega ao PIB

b) A cultura galega non recibe tantas subvencións como lle correspondería polo emprego que produce e a súa achega ao PIB

c) A Cultura Galega contribúe ao PIB na mesma medida que recibe subvencións, como outros sectores productivos

d) A cultura galega é un sector infrasubsencionado, comparativamente co emprego que produce e coa achega ao PIB

A alegante sinala que as respostas b e d teñen o mesmo significado aínda que empreguen expresións distintas polo que enténdese que ámbalas dúas son correctas, ou de non ser así a pregunta sería anulable.

Neste caso, revisada a alegación e o texto da pregunta, debe ser aceptada esta alegación, e, en consecuencia, o tribunal acorda a anulación da pregunta nº37 e proceder a substituír dita pregunta pola pregunta de reserva nº 41.

En base ao anterior, o tribunal, por unanimidade, acorda estimar parcialmente a reclamación formulada por dona María del Pilar Portela Vázquez, formulada en data 26/07/2021 (registro de entrada 2021033585), polos motivos expostos.



RECURSOS.- Contra a resolución da reclamación sinalada, poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou (Concelleira do servizo de persoal e cultura), no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no taboleiro de edictos, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes das Lei 39/2015 do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

No obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

O Tribunal dispón que pola secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) o contido deste acordo.

